

A **Fundación Carlos Casares** quere poñer en valor o fenómeno Xacobeo e a peregrinación escandinava a Santiago de Compostela, destacando a riqueza cultural, natural e humana dunha vía escasamente coñecida que desemboca no Camiño Inglés. Xa que logo, a exposición “Galicia Escandinava”, proxecto beneficiario do programa **O teu Xacobeo** da Xunta de Galicia, percorrerá varias vilas e cidades durante o ano 2020.

Para nós, esta mostra ten un significado especial debido aos lazos que uniron a Carlos Casares con Suecia, a través da súa dona Kristina Berg, a nosa primeira presidenta.

A Fundación Carlos Casares defínese como entidade mediadora entre a cultura galega e a cultura universal desde criterios de apertura, pluralismo e respecto á diversidade cultural. Busca propiciar unha cultura cidadá que teña como eixes principais a comunicación, o diálogo e a tolerancia.




#### CRÉDITOS

+ INFO

Xestión documental e redes: Sermuseum  
Comisario: Gustavo Adolfo Garrido  
Deseño e imaxe: Fausto Isorna  
Asesoramento: Fernanda Torrente  
Coordinación e xestión: Miguel Valverde e  
Ángela Villar  
Tradución ao castelán: Miguel Valverde  
Tradución ao inglés: Mar Bargiela e Sandra  
Rodríguez


 > Versión  
en castellano

 > English  
version



 GaliciaEscandinava (@GEscandinava)  
 [fundacioncarloscasares.org/galiciaescandinava](http://fundacioncarloscasares.org/galiciaescandinava)  
 [info@fundacioncarloscasares.org](mailto:info@fundacioncarloscasares.org)

FUNDACION  
 CARLOS  CASARES

 Xacobeo 2021

 XUNTA  
DE GALICIA

COA COLABORACIÓN DE



 Concello de  
CARRAL  
Cultura

## A EXPOSICIÓN

Entre os séculos XII e XVI, miles de escandinavos peregrinaron a Santiago de Compostela para render culto ao apóstolo. Había unha ruta marítima, o «Camiño do oeste», *Vestvegr* en noruegués, que comezaba no porto danés de Ribe. Había outra por terra, a través da península de Xutlandia, o *Haerveyen* en dinamarqués, ou «Camiño da tropa». E había outra mixta usada polos suecos, de Estocolmo a Lübeck (Alemaña) por mar, e logo por terra xermana cara a Francia ou aos Países Baixos; ou embarcando en Rotterdam con rumbo a Galicia.

Esta relación secular entre pobos tan distantes e diferentes enriqueceu o fenómeno xacobeo, deixando numerosas pegadas en ambos, sobre todo de Galicia e do culto ao Apóstolo nas terras escandinavas. É o que queremos mostrar nesta exposición: a *Gallaecia scandinavica* da que falaba o medievalista **Vicente Almazán** (1924-2006). A el e aos investigadores e estudosos que se ocuparon do fenómeno xacobeo vai dedicada esta proposta, a modo de homenaxe.

## CONTIDOS

A exposición divídese en cinco módulos temáticos:


### MÓDULO 1. DA VIOLENCIA Á PEREGRINACIÓN.



Breve caracterización das relacións marítimas e terrestres dos pobos escandinavos ao redor do ano 1000. Paralelismos e discordancias culturais, cristianización e recepción da *inventio* do sepulcro do apóstolo e do feito xacobeo.

### MÓDULO 2. A ORIXE DAS PEREGRINACIÓNS.

A orixe e a evolución das formas de peregrinación: aristócratas, burgueses e relixiosos. Os centros da peregrinación. Santos e reliquias.



### MÓDULO 3. AS RUTAS ESCANDINAVAS A COMPOSTELA.



Descríbese a traxectoria dos peregrinos polas grandes rutas; as súas variantes, as escalas e as formas de viaxar. Descrición de portos, vilas e cidades.

### MÓDULO 4. GALICIA NOS PAÍSES ESCANDINAVOS.

A influencia exercida polo fenómeno xacobeo nos Países Escandinavos a través das peregrinacións. As pegadas: historia, culto, arquitectura, escultura, literatura, heráldica, confrarías, etc. Mostra a abondosa variedade da cuncha de Santiago (Ibskal), selos, etc.



### MÓDULO 5. HOMENAXE A VICENTE ALMAZÁN.



Natural de Castellón, Vicente Almazán foi un namorado de Galicia e da súa cultura, á cal lle dedicou numerosos artigos e libros. A el vai e a todas as persoas que estudaron o fenómeno xacobeo vai dedicada esta exposición.